

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NESE CONCELLO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou co concello de VILAGARCÍA DE AROUSA o instrumento convencional arriba referido con vixencia de catro anos contados a partir do día da súa sinatura, 14 de xaneiro de 2022.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a construción dun novo centro de saúde no concello, que requirirá 5.224 m², o que corresponden cunha edificabilidade mínima de 5.500 m².

Tal e como se recolle no Protocolo de colaboración asinado o 30 de xullo de 2021, o centro de saúde construírse na parcela con referencia catastral 9168009NH1196N001RO na que se atopa un edificio que tivo como destino a Comandancia da Mariña e que neste intre se atopa en desuso, sobre a que a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, como propietaria da mesma, realizará unha concesión demanial a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa por un período de 50 anos, cunha posterior compra por parte do Concello unha vez se desafecta e por último a cesión gratuíta ao Servizo Galego de Saúde

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en facilitar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello en cuestión.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de

febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

